

BASES DO IV MERCADO DE NADAL CONCELLO DE BEGONTE 21 E 22 DE DECEMBRO DE 2024

- 1. OBXECTO.** Con motivo do Mercado de Nadal 2024, o Concello de Begonte ten prevista a autorización administrativa para a ocupación da vía pública con diversos postos destinados á venda de produtos de nadal, artigos artesanais e de agasallo, etc. cuxa localización será a Praza Irmáns Souto Montenegro, a Rúa do Concello e a Rúa Pedro Morandeira.

A autorización pode ser anulada ou modificada en calquera momento por causas xustificadas, derivadas do incumprimento das presentes bases, ou da lexislación vixente, e incluso por razóns de forza maior debidamente acreditadas, sen que o seu titular teña dereito a indemnización algunha en ningún dos casos.

- 2. POSTOS.** Diferenciaremos dous tipos de postos:
 - **CASETA DE MADEIRA:** Este tipo de posto está reservado única e exclusivamente a artesáns que contén coa certificación que así o acredite. Contaremos con 15 casetas de madeira que serán adxudicadas a criterio da organización e sempre que aporten toda a documentación requirida. As medidas aproximadas serán de 3 metros de ancho por 2 de fondo e terán toma de corrente.
 - **POSTO BAIXO CARPA:** Aberto a aqueles artesáns que non dispoñan de posto en caseta de madeira e ó resto de participantes. Este espazo contará cunha mesa de aproximadamente 2,50 metros e 2 cadeiras, tamén con toma de corrente próxima ó posto.



Haberá tamén dous espazos diferenciados: por un lado, os produtos artesanais, de agasallo, etc., e por outro lado, os produtos de alimentación.

3. CONDICIÓN S DE SEGURIDADE, USO E FUNCIONAMENTO.

Esixiranse as seguintes condicións:

- En ningún caso se poderán unir á estrutura do posto elementos que orixinen un cambio na mesma, xa sexa de forma ou de aumento na ocupación da vía pública como toldos, mesas, expositores, bancos, artigos, etc., á excepción de que haxa o espazo suficiente e sempre baixo a aprobación da organización. Igualmente, non se permite cravar nin danar, de ningunha forma a estrutura do posto.
- Os distintos postos non poderán utilizar combustibles gasosos do tipo G.L.P (butano, propano, etc.), estendéndose esta prohibición tanto ó interior como ós arredores máis inmediatos. Non obstante, a organización valorará a súa utilización, se o seu uso é necesario para o desenvolvemento da actividade do posto.
- Nos postos soamente se poderán realizar as actividades comerciais presentadas na solicitude e, en calquera caso, de conformidade coas especificadas nas presentes bases, non permitíndose, por tanto, calquera outra distinta.
- Deberase decorar o posto acorde á temática do mercado, con referencias ó nadal e ó ambiente que se pretende xerar.
- O horario de apertura dos postos será de 12.00h a 21.00h para os dous días, tanto o sábado 21 como o domingo 22 de decembro de 2024, sendo obrigada a apertura dos postos durante dito horario no período indicado.



- O cumprimento destas normas e a adaptación dos postos ó especificado nas mesmas será supervisado pola organización durante o tempo de funcionamento do Mercado de Nadal.
- O incumprimento destas normas será motivo suficiente para proceder ó peche inmediato do posto infractor, así como á adopción da medida cautelar, consistente en facer constar esta infracción como un elemento de valoración negativo para a adxudicación de postos en próximas edicións do Mercado de Nadal durante un período de 2 anos consecutivos e sen prexuízo das penalidades económicas que se poidan impoñer de conformidade coa lexislación vixente.
- Os/As adxudicatarios/as dos postos, ó remate do período de tempo de ocupación sinalado nestas bases, deberán deixar en debidas condicións o posto adxudicado para que se proceda á súa recollida.
- O Mercado de Nadal contará con vixilancia de seguridade no espazo comprendido entre o peche do sábado e a apertura do domingo, deixando á elección dos expositores a posibilidade de deixar a mercancía no posto ou non. No caso de deixala, recoméndase traer material que o poida cubrir pola posible humidade do ambiente.

4. DURACIÓN DO PERMISO

A autorización que se regula no presente documento para a ocupación da vía pública na Praza Irmáns Souto Montenegro, na Rúa do Concello e na Rúa Pedro Morandeira estará vixente no período de tempo comprendido entre os días 21 e 22 de decembro de 2024, afectando única e exclusivamente ós postos autorizados.

A entrega de chaves das casetas, a asignación de postos e a autorización correspondente, realizarase o sábado día 21 de



decembro en horario de 8.30 a 11.00h na caseta do Concello de Begonte, que se atopará debidamente sinalizada.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A adxudicación dos postos efectuarase previa presentación das solicitudes polos/as interesados/as.

- Prazo de admisión: será dende o día 21 de outubro ata o 5 de decembro de 2024.
- Lugar de presentación e horarios:
 - Presencialmente nas oficinas municipais do Concello de Begonte cubrindo o Anexo I, de luns a venres en horario de 9.00 a 14.30h.
 - Electronicamente enviando toda a documentación ó correo electrónico cultura@concellodebegonte.es.

Para a presentación das solicitudes mediante correo electrónico, facemos saber que todas elas recibirán resposta a través da mesma canle. En caso de non recibir ningunha contestación no prazo de 3 días hábiles, deberanse poñer en contacto co Concello de Begonte para asegurarse de que dito correo electrónico foi recibido correctamente.

Documentación a presentar:

- a) Fotocopia do DNI ou pasaporte da persoa titular do posto.
- b) Carta de artesá/n no caso de estar en posesión dela.
- c) Seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade comercial en caso de dispoñer del.
- d) Anexo I debidamente cuberto e asinado.
- e) Documentación gráfica da actividade que se leva a cabo e/ou descrición do produto ou produtos que se van comercializar.
- f) Xustificante de pagamento da fianza (30€).



6. PAGAMENTO DA RESERVA DO POSTO

A participación no Mercado de Nadal do Concello de Begonte é gratuíta pero haberá que facer un pagamento de 30€ no momento da formalización da solicitude, que terá carácter de fianza da reserva e que será devolto de forma íntegra á finalización de dito Mercado de Nadal sempre e cando se cumpra co esixido nas bases.

Para realizar o pagamento, existen dúas contas abertas do Concello de Begonte:

IBAN ES60 2080 0107 2931 1000 0012 ABANCA

IBAN ES33 3070 0019 6411 3801 5126 CAIXA RURAL

No concepto, deberá ir indicado o nome do posto seguido de “MERCADO DE NADAL 2024”.

O non cumprimento do esixido nas bases ou a non comparecencia nalgún dos dous días levará consigo a perda de dereito da devolución da fianza.



ANEXO I

IV MERCADO DE NADAL DE BEGONTE

21 E 22 DE DECEMBRO DE 2024

<u>NOME</u>	<u>APELIDOS</u>	<u>NIF/CIF</u>
<u>DOMICILIO</u>		<u>TELÉFONO</u>
<u>EN NOME PROPIO/EN REPRESENTACIÓN DE</u>		<u>CORREO ELECTRÓNICO</u>
<u>NOME DO POSTO:</u>		

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que con motivo da celebración do **IV MERCADO DE NADAL DE BEGONTE**, os vindeiros días 21 e 22 de decembro de 2024, estou interesado en participar ámbolos días, mediante a instalación do posto de
- Que son certos os datos aportados, que se dispón da documentación e se cumpren todos os requisitos técnicos e administrativos esixidos legalmente para dita instalación, asumindo as responsabilidades ás que houberse lugar derivadas do seu incumprimento.

Así mesmo, manifesto o compromiso de asistir e cumprir co horario legal establecido no desenvolvemento da actividade do posto a instalar, de respecto e coidado do mobiliario urbano e das demais instalacións públicas, así como da limpeza e recollida dos residuos que se xeren na vía /espazo público derivados da instalación de dito posto.

Documentación que se aporta:

- DNI ou pasaporte.
- Carta de artesá/n, no caso de estar en posesión dela.
- Seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade comercial, no caso de dispoñer del.
- Anexo I debidamente cuberto e asinado.
- Documentación gráfica da actividade que se leva a cabo e/ou descrición do produto ou produtos que se van comercializar.
- Xustificante de pagamento da fianza (30€).



Autorizo a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da participación no Mercado de Nadal e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable, na promoción e difusión das distintas actividades deste Concello, ben na súa páxina web, nas redes sociais ou nas publicacións deste nos medios de comunicación en xeral, conforme a Lei Orgánica 03/2018, do 05 de decembro de protección datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

SI NON

Dou o meu consentimento para ser incluído/a polo Concello de Begonte en grupos de Whatsapp do Mercado de Nadal, sendo consciente de que determinada información persoal será accesible ós/ás demais membros de dito/s grupo/s.

SI NON

E para que conste, ós efectos oportunos do cumprimento do disposto na Disp. Adicional cuarta da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, en relación coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competividade Económica de Galicia e da Circular Interpretativa da Dirección Xeral de Administración Local, asino a presente en:

BEGONTE, ____ de _____ de _____

Asdo.

